

**OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2014-2015-2016
BOMBEIRO/A
CONVOCATORIA 2º EXERCICIO (PROBAS FÍSICAS)**

Convócase aos aspirantes que superaron o primeiro exercicio da oposición, á realización do segundo exercicio, probas de aptitude física, que dará comezo o vindeiro **xoves, día 29 de novembro ás 11,00 horas** no Pavillón municipal do Carme, sito na rúa do Carme s/n, 36210 Vigo.

1) As probas correspondentes á primeira parte do segundo exercicio (Corda, escaleira e press de banca), terán lugar no transcurso da mañá do día **29 de novembro, a partir das 11,00 horas** no referido ximnasio da rúa do Carme desta cidade.

2) As probas primeira (100 m lisos), segunda (200 m con carga de 30 kg) terceira (circuíto de axilidade) e cuarta (carreira 1000 m) das que integran a segunda parte do segundo exercicio, terán lugar o **venres día 30 de novembro ás 09,00 horas**, nas pistas municipais de atletismo sitas a carón do Estadio Municipal de Balaidos.

3) A proba de natación (100 m) terá lugar o vindeiro **domingo 2 de decembro ás 09,30 horas** na Piscina Municipal sita na rúa do Carme s/n- Travesas, desta cidade.

4) A proba de acceso a coche escaleira realizarase o vindeiro **luns, día 3 de decembro, a partir das 10,00 horas** no Parque Central de Teis, sito na Rúa Ángel de Lema y Marina nº 46 de Vigo.

Para a realización das probas, deberán vir provistos de DNI e roupa deportiva, a indumentaria para a execución da proba de natación e traxe de baño, gorro e lentes, unicamente.

Lémbrese que a toma de mostras farase inmediatamente despois da realización das probas físicas, aínda que o órgano de selección resérvase a posibilidade de convocar aos/ás aspirantes que considere oportuno para a realización de probas de control de dopaxe en calquera momento da realización do exercicio. A resistencia ou negativa expresa por parte do/da aspirante a realizar dita proba, ou a súa non presentación a realización da mesma no lugar e tempo no que sexa convocado/a, de forma non xustificada validamente, suporá a exclusión inmediata do proceso selectivo.

Lémbrese así mesmo, aos aspirantes que deberán presentar perante o Órgano de selección, na data de realización do segundo exercicio (probas físicas), **certificado médico** expedido en impreso oficial e asinado por colexiado en exercicio e, que non superará un máximo de tres meses dende a súa expedición, ao obxecto de acreditar a aptitude física, e no que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as aptitudes psicofísicas (condicións físicas e sanitarias) necesarias e suficientes para a realización dos exercicios físicos que figuran especificados na correspondente proba da oposición, o que non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflicte no certificado médico. Non se admitirán certificados que non se axusten na súa redacción a estes conceptos (ANEXO III das Bases). A non presentación do referido certificado suporá a exclusión do aspirante do proceso selectivo.

Vigo, na data da sinatura electrónica
A SECRETARIA DO ÓRGANO DE SELECCIÓN

María José Loureiro Bada

